

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

12308 *Real decreto 1257/2009, do 24 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea.*

O Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea, facendo uso da facultade concedida aos Estados membros polo artigo 81 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), establece no artigo 29 a obrigatoriedade dos compradores de leite de efectuaren retencións á conta aos produtores que superen a cantidade de referencia individual asignada.

Este sistema de retencións á conta cumpre unha dobre finalidade: a de facilitar ao comprador o cumprimento da súa obriga fronte ao Estado e ao produtor o pagamento da liquidación, ao realizarse este fraccionadamente.

Porén, a produción e comercialización de leite nos tres últimos períodos (2006/2007, 2007/2008 e 2008/2009), segundo os datos de entregas que se infiren das declaracións presentadas polos compradores, confirman que España está por debaixo da cantidade de referencia nacional de cota láctea en cada un deles. Así mesmo, o Regulamento (CE) n.º 248/2008 do Consello, do 17 de marzo de 2008, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 no que respecta ás cotas lácteas nacionais, incrementou nun dous por cento a cota láctea asignada aos Estados membros para o período 2008/2009 e seguintes.

Por outra parte, o Real decreto 754/2005 establece no artigo 21 que os axustes cuantitativos necesarios en graxa se realizarán conforme os coeficientes recollidos na táboa do anexo XIII. Estes coeficientes establécense segundo o artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 595/2004 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1788/2003, do Consello, polo que se establece unha taxa no sector do leite e os produtos lácteos.

Por iso, para aqueles produtores cuxo contido medio de graxa do leite entregado sexa superior ao seu contido de referencia individual de materia graxa, suporá unha redución nas entregas axustadas por graxa. Isto podería incidir nunha redución adicional das entregas globais que se comparará coa cantidade de referencia nacional a partir do período 2009/2010.

Estas circunstancias aconsellan a modificación do Real decreto 754/2005, co fin de adecuarse á actual normativa comunitaria en materia de taxa láctea e, por outro lado, adaptarse ás novas condicións do sector lácteo que permiten prever un equilibrio entre as entregas de leite e a cantidade de referencia nacional de cota láctea asignada a España.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea.*

O Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea, queda modificado como segue:

Un. O artigo 29 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 29. *Retencións á conta da taxa.*

1. Cando as cantidades entregadas polos produtores acumuladas a 30 de novembro de cada período permitan prever que existe risco de exceso da cantidade de referencia nacional asignada a España, o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, como moi tarde o 15 de xaneiro seguinte, poderá establecer que se practiquen retencións á conta sobre o pagamento da taxa láctea, conforme o establecido neste artigo.

2. As retencións á conta sobre o pagamento da taxa practicaráselles aos produtores polas cantidades entregadas durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo, por riba da cantidade de referencia individual que teñan asignada. Non se practicarán retencións á conta polas cantidades entregadas por riba da cantidade de referencia individual asignada durante os meses comprendidos entre abril e decembro, ambos os dous incluídos.

3. Os compradores autorizados reterán aos produtores os importes que resulten de aplicar ás cantidades excedidas durante os meses indicados no parágrafo anterior o 10 por cento do tipo de gravame da taxa láctea establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, cuxas disposicións foron incorporadas ao Regulamento 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas.

4. As retencións practicadas figurarán expresamente nas facturas correspondentes ás entregas do mes ao cal se apliquen e detraeranse do montante final que debe percibir o produtor. Expresaranse co detalle dos quilogramos excedidos e do importe unitario aplicable a cada un deles.

5. No caso de que un produtor efectúe entregas simultáneas a varios compradores, cada un destes deberá aplicar retencións ás entregas que reciba nos meses indicados no número 2. Para iso, deberán ter en conta as cantidades recollidas nos certificados obrigatorios redactados polos outros compradores, que lles deben ser facilitados polo produtor a cada un deles, tal como se establece no artigo 9.2 e no artigo 23.

6. Se un produtor cambia de comprador e xa excedese a súa cantidade de referencia, o novo comprador aplicará o importe da retención á conta a todas as cantidades entregadas nos meses indicados no número 2.

7. Os produtores con cota de venda directa non están sometidos a retencións polas cantidades que a excedan, pero si polas que superen a súa cantidade individual de referencia de entregas a compradores autorizados.»

Dous. O anexo XIII queda redactado do seguinte modo:

«ANEXO XIII (anverso)

Corrección das entregas de leite realizadas por axuste do seu contido de materia graxa

1. As entregas expresadas en litros deberanse pasar a kg multiplicándoas polo coeficiente 1,03.

2. A corrección en graxa realízase aplicando a seguinte táboa:

Diferenza (+/-) entre o contido de materia graxa do leite entregado e a graxa de referencia asignada		Coeficiente de corrección	
En %	En gramos/kg leite	Diferenza positiva	Diferenza negativa
0,01	0,1	1,0009	0,9982
0,02	0,2	1,0018	0,9964
0,03	0,3	1,0027	0,9946
0,04	0,4	1,0036	0,9928
0,05	0,5	1,0045	0,9910
.....
0,46	4,6	1,0414	0,9172
0,47	4,7	1,0423	0,9154
0,48	4,8	1,0432	0,9136
0,49	4,9	1,0441	0,9118
0,50	5,0	1,0450	0,9100

ANEXO XIII (reverso)

Comparación dos contidos de materia graxa

A fin de elaborar o balance para cada produtor, o contido medio de materia graxa do leite que entregue comparárase co contido representativo de que dispoña como referencia.

De se observar unha diferenza positiva, a cantidade de leite ou de equivalentes de leite entregado aumentarase un 0,09% por cada 0,1 gramos suplementarios de materia graxa por quilogramo de leite.

De se observar unha diferenza negativa, da cantidade de leite ou de equivalentes de leite entregado deducirase un 0,18% por cada 0,1 gramos menos de materia graxa por quilogramo de leite.

En caso de que a cantidade de leite entregado se exprese en litros, o axuste multiplicarase polo coeficiente de 0,971.

Exemplos prácticos:

A.

– Supoñamos un gandeiro que ten asignada unha cantidade de referencia anual de 40.000 kg cunha graxa de referencia de 3,70%.

– As súas entregas no período de taxa láctea foron de 39.500 kg cunha graxa media ponderada de 3,72%.

– A diferenza entre a graxa media do leite entregado e a graxa de referencia é positiva: $3,72 - 3,70 = 0,02\%$.

– A esta diferenza, por ser positiva, correspóndelle un coeficiente de 1,0018.

– A corrección da entrega sería de $39.500 \text{ kg} \times 1,0018 = 39.571 \text{ kg}$, arredondando os decimais pola regra do cinco.

– As entregas totais corrixidas (entregas axustadas) serían 39.571 kg.

B.

– Supoñamos outro gandeiro que ten unha cantidade de referencia anual de 100.000 kg cunha graxa de referencia de 3,65%.

– As súas entregas no período de taxa láctea foron de 102.000 kg cunha graxa media ponderada de 3,54%.

– A diferenza entre a graxa media do leite entregado e a graxa de referencia é negativa: $3,54 - 3,65 = -0,11\%$.

– A esta diferenza, por ser negativa, correspóndelle un coeficiente de 0,9802.

- A corrección da entrega sería $102.000 \times 0,9802 = 99.980$ kg, arredondando os decimais pola regra do cinco.
- As entregas totais corrixidas (entregas axustadas) serían 99.980 kg.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, este real decreto será de aplicación con carácter retroactivo desde o 1 de abril de 2009.

Dado en Madrid o 24 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA